



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área Economía, Facenda e Réxime Interior

Corrección de erros no punto 5.1.3 das Bases para a provisión de postos de traballo por concurso ordinario no Concello da Coruña. Convocatoria 1/25 (PROV2025067)

ANUNCIO

Asunto: Corrección de erros no punto 5.1.3 das Bases para a provisión de postos de traballo por concurso ordinario no Concello da Coruña – Convocatoria 1/25 (PROV2025067)

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 30 de decembro de 2025, adoptou a seguinte resolución:

1. De conformidade co previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, corrixir o erro material no punto 5.1.3 das Bases para a provisión de postos de traballo por concurso ordinario no Concello da Coruña, convocatoria 1/25 (PROV2025067), aprobadas por Resolución do concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 01.12.2025 (RES/AYT/21813/2025), pola omisión involuntaria no momento da transcripción e execución material da tarefa de copiar-pegar textos de word, da valoración do desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao posto ao que se concursa, cunha puntuación de 0,038 puntos/mes completo traballado, tal e como figura na proposta de bases negociadas e ditaminadas por maioría sindical na Mesa Xeral de Negociación celebrada o día 21 de outubro de 2025:

“5.1.3. Valoración do traballo desenvolto: en función do nivel de complemento de destino dos postos desempeñados, nos últimos 10 anos inmediatamente anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de elección de postos de traballo (punto 3.2), adxudicarase un máximo de 10,00 puntos, nos seguintes termos:

- Valoración polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao posto ao que se concursa: 0,084 puntos/mes completo traballado
- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao posto ao que se concursa: 0,055 puntos/mes completo traballado.
- Polo desempeño dos postos de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao posto ao que se concursa: 0,038 puntos/mes completo traballado.

Non se valorarán máis de dous anos de servizos prestados en situación de comisión de servizos. O tempo restante computarase como desempeñado no seu posto de orixe.”

Así, **ONDE DI:**

[...]

“5.1.3. Valoración do traballo desenvolto: en función do nivel de complemento de destino dos postos desempeñados, nos últimos 10 anos inmediatamente anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de elección de postos de traballo (punto 3.2), adxudicarase un máximo de 10,00 puntos, nos seguintes termos:

Valoración polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao posto ao que se concursa: 0,084 puntos/mes completo traballado

Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao posto ao que se concursa: 0,055 puntos/mes completo traballado.

Non se valorarán máis de dous anos de servizos prestados en situación de comisión de servizos. O tempo restante computarase como desempeñado no seu posto de orixe.”

[...]

DEBE DICIR:

[...]

“5.1.3. Valoración do traballo desenvolto: en función do nivel de complemento de destino dos postos desempeñados, nos últimos 10 anos inmediatamente anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de elección de postos de traballo (punto 3.2), adxudicarase un máximo de 10,00 puntos, nos seguintes termos:

- Valoración polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao posto ao que se concursa: 0,084 puntos/mes completo traballado
- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao posto ao que se concursa: 0,055 puntos/mes completo traballado.
- Polo desempeño dos postos de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao posto ao que se concursa: 0,038 puntos/mes completo traballado.

Non se valorarán máis de dous anos de servizos prestados en situación de comisión de servizos. O tempo restante computarase como desempeñado no seu posto de orixe.”

2. Ordenar a publicación da parte dispositiva da corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), na intranet municipal (SPO-Alfresco), na páxina web (<https://www.coruna.gal>) e no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña.

3. En calquera caso, esta corrección de erros non afecta ao cómputo do prazo de presentación de solicitudes de participación no concurso ordinario 1/25.

A Coruña, a 30 de decembro de 2025

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2025/8749